

# MAGOSTO

## 2020



### UNIDADES DIDÁCTICAS MANUALIDADES

### ED. INFANTIL E PRIMARIA

#### EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

**CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA, FEÁNS (A CORUÑA)**

**CEIP SALGADO TORRES, A CORUÑA**

**CEIP RAMÓN DE LA SAGRA, A CORUÑA**

**CEIP PLURILINGÜE DE CARNOTA (A CORUÑA)**

**CEIP RAMÓN OTERO PEDRAYO, A LARACHA (A CORUÑA)**

**CPR CID, A CORUÑA**

**CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE, A CORUÑA**



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


# ÍNDICE

## LECTURAS

O MAGOSTO .....	3
O PRIMEIRO MAGOSTO .....	6
COMO MEDRA O CASTIÑEIRO? .....	14
UN GATIÑO .....	16
O XEITO DAS FROITAS .....	17
FACEMOS UN MAGOSTO .....	20

## MANUALIDADES

A CASTAÑA E OS OURIZOS .....	25
O COGOMELO .....	26
A CAIXIÑA DA CASTAÑA .....	27
O OURIZO CACHO .....	28
A CASTAÑA .....	29
O MÓBIL DA CASTAÑA .....	30
A CASTAÑA FACHENDOSA .....	31
O DADO DO MAGOSTO .....	32
OUTRO COGOMELO (1) .....	33
OUTRO COGOMELO (e 2) .....	34
AS FOLLAS DO OUTONO .....	35
A CASTAÑEIRA .....	36
QUE CORES POÑEMOS? .....	37
ONDE VAI CADA PALABRA? .....	38
O ENCRUCILLADO .....	39
A CAIXA PARA AS CASTAÑAS .....	40



# O MAGOSTO

JACOBO FERNÁNDEZ SERRANO  
EDITORIAL GALAXIA

Observa o debuxo do ilustrador Jacobo Fernández e contesta.



1. Que festa están a celebrar?

---

2. Que está asando a castañeira?

---

3. Cantas persoas teñen un cornete na man? Arrodea.

**OITO**

**DÚAS**

**SETE**

**CATRO**

4. Onde bota o rapaz o lixo? Arrodea.

**NA ÁRBORE**

**NO CHAN**

**NO SOMBREIRO**

**NA PAPELEIRA**

5. Agora que sabes que están a celebrar, serías quen de inventar un conto mirando a ilustración e empregando **cinco** palabras do recadro?

<b>castaña</b>	<b>papeleira</b>	<b>bigote</b>	<b>ourizo</b>	<b>cornete</b>	
<b>magosto</b>	<b>fotografía</b>	<b>xogo</b>	<b>paxaro</b>	<b>lume</b>	<b>tona</b>



**Título**

---

---

---

---

---



---

---

---

# ○ CREBACABEZAS DO MAGOSTO

Recorta as peças do crebacabezas e mótáo seguindo o modelo da esquerda.





# O PRIMEIRO MAGOSTO

## CARLOS GARCÍA CASÁS

ILUSTRACIÓNS: ALUMNADO 4º. CEIP PLUR. MANUEL MURGUÍA.  
A CORUÑA

### I

Isto que che vou contar é parte da historia dos primeiros habitantes do lugar onde me criei, onde me criei eu e os meus antepasados desde hai moitos, moitos, moitos anos.

Todo empezou nun lugar da Europa do Leste, máis ou menos onde hoxe é Ucraína, moitísimos anos antes de que chegaran os romanos á nosa terra, moitos anos antes de que chegaran os celtas... aínda había moi pouquiña xente na Galiza.

Nese lugar do que che falo, onde hoxe é Ucraína vivían os Souto, unha pequena tribo formada por algo menos dun cento de persoas, entre adultos e nenos, e dúas ducias de cans. Os Souto eran unha tribo nómade, movíanse dun lado para outro, alimentándose dos animais que cazaban e das plantas que recollían.

Na tribo había dúas persoas moi importantes, que eran as que a guiaban: a xefa, Oura, e o home sabio, non che digo o nome, xa descubrirás como se chama ao final da historia.

O home sabio coñecía remedios para curar a dor e baixar a febre, e podía curar feridas e reparar ósos que se rompían. Na tribo chamábanlle o mago porque tamén soñaba, tiña soños de futuro, toda a tribo se movía seguindo os soños do home sabio. Tiñan unha confianza plena nos seus soños, sempre lles fora ben así.



INDIRA. 4º. PRIMARIA

Últimamente levaba varias noites soñando cun lugar que estaba cheo dunhas árbores que daban uns froitos que se podían comer cando nacían pero que tamén se podían secar e gardar e servir de alimento durante moitos meses, cando o inverno era máis duro, escaseaba a caza e non había moitas plantas que recoller.

O lugar quedaba moi lonxe, onde remataba o mundo pero, se conseguían chegar alí, poderían quedar para sempre, sen ter que andar movéndose dun lado para outro.

Inmediatamente prepararon todo e puxéronse en camiño.



A viaxe foi moi longa e moi difícil, tiveron que atravesar montañas e ríos, andar por camiños cheos de pedras e de lama, pasaron frío e calor, tiveron que facer moitas paradas para conseguir alimento e protexerse do mal tempo, algúns membros da tribo morreron porque se fixeran vellos e outros novos naceron pero, despois duns cantos anos, un día, ao principio do outono, chegaron ao lugar que soñara o mago.

Mira o tempo que tardaron que, cando saíran, a xefa Oura e o mago eran mozos e aínda non tiñan fillos e, cando chegaron, xa tiñan netos.

Alí o mago faloulle á tribo e díxolles:

-Este é o lugar e estas son as árbores e os froitos cos que soñei e que van ser unha boa parte do noso alimento de agora en diante.



Os Souto todos puxéronse a mirar moi sorprendidos cara os froitos e un neno preguntoulle o que se estaban preguntando todos:

-Pero, como imos comer eses froitos, se están cheos de espiñas? Ímonos picar todos e non os poderemos tragar.



ANA. 4º. PRIMARIA

DAVID. 4º. PRIMARIA

-Tede confianza en min -díxolles o mago- nunca vos fallei. Os tesouros moitas veces están agochados. Agardade uns días.

Como el era un home sabio, sabía que os froitos aínda estaban sen lograr.

Montaron o seu campamento nun claro da fraga, cazaron algúns animais e recolleron algunhas plantas para ter comida e prepararon algunhas peles para abrigarse, que xa estaba chegando o frío.



ANA. 4º. PRIMARIA



Pasaron uns días e...aquelas cousiñas, que eles pensaran que eran os froitos, abríronse como unha boca que abre os seus beizos e deixaron caer o que tiñan dentro, que eran os froitos de verdade. Ao envoltorio de espiñas chamáronlle ourizo, na honra da súa xefa Oura, porque os dous tiñan un tesouro dentro: o ourizo tiña os froitos e Oura, aínda que era moi seria e pequena de estatura, tiña dentro un tesouro de bondade, valentía e intelixencia.



O mago aprendeulle á xente da tribo que había que sacarles aos froitos dos ourizos as dúas peles, a casca e a tona, para poder comelos. Aprendeulles tamén a usar pauciños para abrir os ourizos que

non abrían sós. Nós, agora, abrímolos usando as botas ou os zapatos pero os que tiñan eles non eran tan consistentes.

Recolleron unha gran cantidade de froitos e, os que non comeron no momento, puxéronos a secar dentro das tendas nuns canizos feitos con varas que colocaron a unha certa altura. Déronlles para todo o ano e aínda lles sobraron.

Que sorte tiñan de contar cun mago que puidera soñar todo o que tiñan que facer!



Unha tarde, o home sabio colleu unha presa de froitos e, como xa facía frío, púxoos a carón das brasas para que se lle quentaran un pouco, coa idea de sacalos nun momento pero, como xa ía velliño, quedou durmido. Espertou sobresaltado cuns estoupidos, os froitos quentaran de máis e, como a calor non tiña por onde saír, estouparan.

Despois de que se lle pasara o susto, caeu na conta do que pasara e probou algúns anaquiños que quedaran ciscados polo chan. Estaban máis brandos e saborosos que cando estaban crus! Se estouparan porque o calor non tiña por onde escapar, a solución era fácil.

Colleu outra presa de froitos, fíxolle un corte pequeno a cada un e púxoos a carón das brasas, removéndoos cun pau a cada pouco. Desta vez a emoción non o deixou durmir.

Os froitos non só estaban máis brandos e máis saborosos senón que, ademais, as cascas e as tonas non daban traballo ningún, case saían soas.



LAIA. 4º. PRIMARIA

## IV

Xuntou a toda a tribo para contarllo e decidiron facer unha festa para celebralo. Fixeron un lume moi grande e, cando houbo brasas, con moito coidado, pola parte de fóra foron poñendo os froitos dos ourizos, cada un co seu corte para que non estouparan. Toda a tribo quedou encantada co sabor dos froitos asados, comeron, beberon, cantaron, bailaron e, os nenos e as nenas pintaron a cara con tizóns apagados.

Desde entón, todos os anos, despois da recollida dos froitos dos ourizos, celebraron festas coma aquela e, na honra do mago, á festa chamáronlle «magosto». A que xa sabes como se chamaba o mago?

Hoxe en día séguense a celebrar magostos en moitos lugares da Galiza e de fóra da Galiza.

Co paso do tempo, ao froito dos ourizos chamáronlle castaña, non sei ben o motivo, se cadra fose pola cor, ou á cor pola castaña, quen o sabe?

E á árbore chamáronlle castiñeiro.

En lembranza daquela tribo, na Galiza, os terreos nos que hai moitos castiñeiros chámanse «soutos» e tamén chámanlle «O Souto» ao lugar no que me criei.

Despois dos magostos virían as castañas cocidas, o caldo de castañas, os doces de castañas, o «marrón glacé»...e outras moitas preparacións con castañas pero... iso xa é doutros contos.



LAIA 4º. PRIMARIA



INDIRA 4º. PRIMARIA

# A HISTORIA DOS SOUTO

## ACTIVIDADES

---

1. Como se chama o lugar de Europa do Leste onde comezou a historia dos Souto ?

---

2. Cantas persoas formaban a tribo dos Souto? E cantos cans?

---

3. Que dúas persoas eran as máis importantes da tribo?

---

4. Ao principio de que época do ano chegaron ao seu destino? Arrodea.

**VERÁN      PRIMAVERA      OUTONO      INVERNO**

5. De que estaban cheos os ourizos? Colorea.


**sementes**

**espiñas**


**vermes**

**pelos**

6. Onde montaron o seu campamento os da tribo?



7. Completa o encrucillado con palabras que aparecen no texto.



## HORIZONTAIS

1. Pobo que non ten morada nin establecemento fixo. Que vai dun sitio para outro.

2. Estrutura de paus ou táboas con varas, vimbios ou paus entrecruzados que se coloca a certa altura sobre a lareira para curar e afumar alimentos.

3.- Extensión de monte, polo xeral illado e de difícil acceso, poboado de distintas especies caducifolias, de herbas, mofos e liques e na que convive así mesmo unha gran diversidade de fauna.

4. Casca exterior con espiñas que contén as castañas do castiñeiro.

5.- Cuberta exterior máis ou menos grosa, dalgúns froitos como a castaña ou a noz.

6. Terreo poboado de castiñeiros.

7. Pel interior fina do ovo e da castaña, por baixo da casca.

1. NÔMADE 2. CANIZO 3. FRAGA 4. OURIZO 5. CASCA 6. SOUTO 7. TONA

8. Une cunha liña de cor a palabra e o seu significado. Colorea os dous recadros da mesma cor.

**UCRAÍNA**

Froito comestible do castiñeiro.

Extensión de monte poboado de distintas especies de folla caduca.

**MAGOSTO**

**OURIZO**

**ESPIÑAS**

Terreo poboado de castiñeiros.

Familias con antepasados comúns e que teñen un mesmo xefe.

**CASCA**

**CANIZO**

Cuberta exterior da castaña.

**TONA**

**FRAGA**

Casca exterior con espiñas que contén as castañas

Puga dura e aguda que nace nalgunhas plantas.

**SOUTO**

País de Europa do Leste.

Estrutura de paus ou táboas con varas, vimbios ou paus entrecruzados que se coloca sobre a lareira para curar e afumar alimentos.

**TRIBO**

Acción de asar castañas, que en moitas ocasións se converte nun acontecemento festivo.

**CASTAÑA**

Pel interior fina da castaña, por debaixo da casca.



## COMO MEDRA O CASTIÑEIRO?

LUÍS CERNADAS ORTIZ DE ZÁRATE e ROCANDIO

ILUSTRACIÓNS: MANUEL e ROI. 5º. CEIP PLUR. CARNOTA

Xa todos sabemos que a árbore que dá as castañas é o castiñeiro. Nalgúns lugares tamén se lle chama castiro ou castaño.


Pero, como medra o castiñeiro?

Pois como case todas as árbores. Na primavera as candeas, que son as flores que teñen os castiñeiros, vanse convertendo en ourizos con pugas moi afiadas que teñen dentro dúas ou tres castañas.

Ao chegar o outono estes ourizos abren e deixan caer as castañas.

Algunhas destas castañas collémolas para facer os magostos ou para comer nas nosas casas, pero outras quedan no chan, debaixo das follas.

Destas castañas saen as pequenas plantas que, co paso do tempo, se van converter en novos castiñeiros e que nos van seguir dando castañas para celebrar moitos máis magostos.



## ACTIVIDADES

---

1. Como se chaman as flores dos castiñeiros?

---

2. En que se converten estas candeas?






---

3. En que época do ano abren os ourizos?

---

4. Lembra o relato do ciclo da castaña, recorta os debuxos e colócaos ordenados nos seus recadros.

1	2	3
4	5	6




ILUSTRACIONES: CEIP J. FERNÁNDEZ LATORRE. A CORUÑA




# UN GATIÑO CANTIGA POPULAR

ILUSTRACIÓNS: AARÓN e MARÍA. 5º . CEIP PLUR. CARNOTA



UN GATIÑO AS CASTAÑAS  
REMEXÍAS COA MAN,  
ESTOUPOULLE UNHA NA CARA  
COITADIÑO MARRAMIAU.

PICA QUE SI,  
PICA QUE NON,  
PICA E REPICA  
PICA, PICÓN.







# O XEITO DAS FROITAS

## MARÍA REIMÓNDEZ

### ED. SANTILLANA OBRADOIRO

ILUSTRACIÓNS: ADRIANA e MANUEL. 5º CEIP PLUR. CARNOTA

## CASTAÑA

Ela sempre quixera chamarse «Castaña». gustáballe ese nome e repetíao unha e outra vez cando se aburría. Contaba castañas para durmir e, por suposto, agardaba con impaciencia a época máis marabillosa do ano: a das castañas. A súa avoa tiña na aldea dous castiñeiros ben grandes pero na cidade rara vez era quen de atopar un, moito menos de atopar castañas estradas polo chan. Un día comentárallo ao seu pai. O de que quería chamarse Castaña. Ao primeiro el, que tiña a cabeza metida no forno, preguntáralle:



-Que viches unha araña? -e entón sacou a cabeza do forno e tamén os brazos, pois andaba dándolle á graxa encarecidamente.

-Que me quero chamar Castaña.

-Castaña?

-Si. Castaña. Das que caen dos castiñeiros -mira que ter que darlle tanta explicación. Estaba clarísimo a que se refería.

-A-ha -dixo o seu pai, serio. Ela a estas alturas xa sabía que o «a-ha» non significaba nada, así que insistiu.

-Castaña. Quérome chamar Castaña.

-E logo? -preguntou o seu pai.

-Gústame -non se lle ocorría nada mellor naquel momento, a verdade é que non agardaba tal pregunta.

-Iso está ben... -O seu pai comezou a sacar as luvas. Oh, non, conversa demorada! Co sinxelo que era o que lle pedía! Quería chamarse Castaña, raio!



-Daquela, a partir de hoxe xa me chama todo o mundo Castaña? -  
tentou cortar a que se aveciñaba.

-Mira, Iris...

-Castaña!

-...Castaña, non é tan sinxelo...

- E logo?

-Porque os nomes... os nomes... Primeiro, as persoas  
non poden chamarse de calquera maneira.

-Por que non?

-O pai sentou por fin nunha cadeira da cociña.

-Porque hai unha serie de palabras que se usan para  
denominar persoas e outras que non.

-Pero o can de Andrea chámase Bruno e na clase hai  
un rapaz que se chama Bruno. Un can non é unha persoa  
pero teñen o mesmo nome.

-Gana de marear que ten a xente, poñerlle a un can un nome de persoa...  
-rosmou seu pai.

-Quero chamarme Castaña -teimou ela.

-Mira, é que Castaña non é nin nome de can.


Iria sentiuse insultadísima.

-Vaia, ho! É un nome dun froito, iso xa o sei. Pero eu quero chamarme  
Castaña. Porque as castañas son gordechitas e... ben, castañas, e ricas! E  
ademais teñen un ourizo por fóra e o outro día díxechesme que as persoas  
hainas que teñen espiñas e... -agora ía a fume de carozo.

-Entendo os teus argumentos -contestou o seu pai-, mais non pode ser.  
Porque ti xa tes nome.

-Tamén tiña uns calcetíns a semana pasada e houbo que cambialos.

-Non é o mesmo. Os nomes téñense para que os  
demais nos recoñezan, para poder inscribirte  
no colexio, para todo.



# O XEITO DAS FROITAS

## ACTIVIDADES

---

1. Como se quería chamar a rapaza?

---

2. Cal era o seu verdadeiro nome?

---

3. Onde tiña metida a cabeza o pai cando falaba coa súa filla?

---

4. Onde se sentou o pai para seguir falando coa rapaza?

---

5. Quen era Bruno?

---

6.- Como decía a rapaza que eran as castañas? Colorear.

**maduras e quentes**

**rápidas e esmirriadas**

**verdes e grandes**

**gordechas e ricas**

**saborosas e doces**

7. Que quere dicir que a rapaza ía «a fume de carozo»? Arrodea

**ÍA CANTANDO**

**ÍA RAPIDO**

**ÍA DURMIDA**

**ÍA AMODO**

**ÍA TRISTE**

**ÍA COMENDO**

**ÍA CANSA**

**ÍA LEDA**

**ÍA CALADA**

**ÍA RINDO**



# FACEMOS UN MAGOSTO

## Adaptación

### Colectivo «Olla de Sapo»

ILUSTRACIONES: ALUMNADO 4ª. CEIP J. FERNÁNDEZ LATORRE. A CORUÑA

Os rapaces e rapazas da aldea de Varcia decidiron facer un magosto. Un sábado, despois de xantar, colleron tres latas baleiras e fixéronlles uns buratos no cu.

-O mellor sitio para facer o magosto é o souto de Verducido.- dixo Ana, metendo as latas nun saco:- Hai moitísimos castiñeiros e teremos castañas dabondo.

-Boa falta han facer, que somos moitos -dixo Antón-. Olaia e Afonso xa están preparando as bebidas, así que é mellor ir marchando cara alá.



IRENE A.

Cando chegaron ao souto buscaron castañas, abrindo cos pés os ourizos que había no chan, mentres que Ana e Marco ían acendendo a fogueira e poñendo unhas pedras arredor para que non plantase lume por fóra. De alí a pouco xa tiñan moitas castañas, que xuntaron enriba dunhas follas secas. Puxéronse todos a picalas para que non estoupasen.

-Quen é o parvo que colleu as mirradas tamén? -dixo Sabela toda enfuciñada- Moitas non serven e hai que tirar con elas.

-Deixade algunhas castañas sen picar, para que salten.

-Iso, a ver se lle dan nun olla a un -dixo Inés sorrindo. Aquí veñen coa bebida.



OLIVER

Polo camiño arriba viñan Olaia e Afonso falando e rindo. Artur preguntou:

-E logo Antón non ven?

-Agora ven que foi á casa da tía cun recado da nai.

De seguido puxeron as latas cheas de castañas enriba das brasas. Mentres non asaban, os rapaces e rapazas pasaban o tempo tirándose ourizos baleiros e facendo falcatruadas. Axiña chegou Antón traendo algúns chourizos para asar tamén.

Despois todos se sentaron para comer as castañas e os chourizos. Algunhas castañas saltaron das latas e unha deulle a Sabela no nariz. Marco colleu unha que estaba chamuscada e pintoulle a Uxía un redondel na cara. Ela foi correndo tras del, tirándolle ourizos do chan. Pero a cousa non foi a máis.

Puxéronse a cantar cantigas, levando o ritmo coas latas e con paus. Como xa empezaba a anoitecer, botaron terra nas brasas e recolleron as latas e as botellas. Despois baixaron para casa contando chistes. Artur díxolle polo baixo a Inés:

-Paseino moi ben. Deberíamos facer cousas destas todas as semanas.

-Non tanta présa -repondeu Inés-. Xa chegará o Nadal e o Entroido.




LUCÍA

# FACEMOS UN MAGOSTO

## ACTIVIDADES

---

1. De que aldea eran os rapaces protagonistas do conto? Completa.



2. Cal era o nome do souto onde ían facer o magosto?

---

3. Que rapaz e que rapaza acendían a fogueira?

---

4. En que parte do seu corpo lle deu a Sabela a castaña que saltou?

---

5. Que lle pintou marco a Uxía? Con que?

---


6. Con que dúas couas levaban o ritmo das cantigas?

---

7. Que fixeron coas latas e as botellas ao rematar o magosto?

---

8. Que fixo cada un? Une e colorea da mesma cor.



● PREGUNTOU POR QUE NON VIÑA ANTÓN.

● DEULLE UNHA CASTAÑA NO NARIZ.

● PINTOULLE A UXÍA UN REDONDEL NA CARA.

● CORREU DETRÁS DE MARCOS E TIROULLE OURIZOS DO CHAN.

● INDICOU QUE VERDUCIDO ERA O MELLOR SITIO PARA O MAGOSTO.

● PREPARARON AS BEBIDAS.

● ACENDERON AS FOGUEIRAS PARA O MAGOSTO.

● FOI A CASA DA SÚA TÍA CUN RE-CADO DA NAI.  
TROUXO OS CHOURIZOS.




# MANUALIDADES




# A CASTAÑA E OS OURIZOS

Colorea con rotuladores este par de ourizos e a castaña. Recórtaos e decora con eles a aula.




# O COGOMELO

Repasa polas liñas discontínuas este cogomelo, coloréao, recórtao e decora a aula con el.



# A CAIXIÑA DA CASTAÑA

Colorea, recorta e monta esta caixiña. Nela podes gardar un par de castañas para levarlle aos teus pais, aos avós...




# O OURIZO CACHO

A casca con espiñas que contén as castañas do castiñeiro, chámase ourizo, pero tamén hai un animaliño, con espiñas e que se alimenta de insectos tamén ten ese nome, aínda que tamén se lle chama porco espiño, ourizo cacho, ourizo cacheiro, cachourizo...



# A CASTAÑA

Repasa o debuxo e colorea. Cantas castañas hai? Escribe o número.




Hai

castañas

# O MÓBIL DA CASTAÑA

Colorea, recorta e monta a castaña, usando encadernadores. Xa tes o teu móbil para o magosto!




# A CASTAÑA FACHENDOSA

Colorea, recorta e monta esta castaña fachendosa, pegándolle as pernas e os brazos pola parte posterior.



# O DADO DO MAGOSTO


Queres saber cantas castañas ides comer no magosto? Colorea, recorta e monta o dado e... a xogar!






# OUTRO COGOMELO (1)


Recorta cada unha das pezas do cogomelo: sombreiro, pé e escamas.  
Monta o cogomelo na ficha 2 e colorea.



**pé**





**escamas**



**sombreiro**


# OUTRO COGOMELO (e 2)

Monta as partes do cogomelo e coloreia.




# AS FOLLAS DO OUTONO

Serás quen de completar cada unha destas follas? Lembra que son simétricas: os dous lados teñen que ser idénticos. Cando estean completadas, coloréaaas de cores de outono: vermello, castaño, amarelo...



# A CASTAÑEIRA


Repara ben no debuxo da castañeira da parte superior e cópiao no recadro da parte inferior. Despois colorea os dous debuxos igual.



# QUE CORES POÑEMOS?

Sigue as indicación do recadro e colorea o debuxo.



<b>VERDE</b> maceira	<b>CASTAÑO</b> pereira	<b>AMARELO</b> vide	<b>ROSA</b> castiñeiro	<b>LARANXA</b> figueira
-------------------------	---------------------------	------------------------	---------------------------	----------------------------



# ONDE VAI CADA PALABRA?

Conta as letras das palabra do recadro e colócaas onde lle corresponda.

<b>ASAR</b>	<b>FESTA</b>	<b>SOUTO</b>	<b>ADENTAR</b>
	<b>CANDEA</b>	<b>MAGOSTO</b>	
<b>CASTAÑA</b>	<b>CORNETE</b>	<b>CASTIÑEIRO</b>	
<b>CASCA</b>	<b>ESPELICAR</b>		



LEO PRADO, 4ª  
CEIP FDEZ. LATORRE. A CORUÑA

# 0 ENCRUCILLADO

Completa o encrucillado con algunha das palabras do recadro.





ILUSTRACIÓN: MARÍA. 5º CEIP PLUR. CARNOTA

## HORIZONTAIS


1. Recipiente cónico feito de papel usado para gardar castañas.
2. Facerlle unha marca ás castañas para que non estoupen.
3. Festa do outono na que se asan castañas.
4. Pel interior fina da castaña.
5. Puga moi aguda que teñen os ourizos.
6. Froito do castiñeiro.
7. Celebración festiva.
8. Quitar a pelica. Pelar.
9. Casca exterior con espiñas que contén as castañas do castiñeiro.
10. Terreo poboado de castiñeiros.

1. CORNETE 2. ADENTAR 3. MAGOSTO 4. TONA 5. ESPINHA 6. CASTAÑA 7. FESTA 8. ESPELICAR 9. OURIZO 10. SOUTO


# A CAIXA PARA AS CASTAÑAS



1. Corta un cartón de leite pola metade.



2. Pega cada metade e fai un burato pequeno en cada lateral.



3. Engancha un cordel longo nos furados que fixeches.

Un lado serve para as castañas e outro para as tonas.



4. Adorna e decora a caixa. Podes empregar técnicas diferentes: coloreala con témperas, forrala con papeis de cores, poñerlle pegatinas...

Xa tes a caixa lista para encher de castañas asadas!

**CONTAMOS COA VOSA COLABORACIÓN  
PARA MANTER LIMPO O COLE!**

